



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

INFORME DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS

A efectos de realizar o estudo económico da Ordenanza reguladora do prezo público por asistencia e servizos complementarios do Centro de día para persoas maiores de Lousame, o Departamento de Servizos Sociais,

INFORMA

Segundo a lei 13/2008 dos Servizos Sociais de Galicia, os poderes públicos garantirán o dereito das persoas aos servizos sociais en función da súa valoración obxectiva das súas necesidades, e posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación na vida política, económica, cultural e social.

A estes efectos, o servizo de Centro de día está dirixido á atención de persoas maiores ou con limitacións na súa autonomía. A participación da persoa usuaria no custo do servizo está regulada no Decreto 99/2012, onde o seu artigo 62 dispón que para servizos que pola súa natureza teñan que incorporar un copagamento, os concellos poderán establecer sistemas de participación das persoas ou unidades de convivencia de conformidade cunhas directrices especificadas na norma. En calquera caso establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

O Centro de día para persoas maiores de Lousame iniciou o seu funcionamento en maio de 2013, coa normativa da Ordenanza reguladora de prezo público pola prestación do servizo, aprobada en sesión plenaria do 20 de novembro de 2014, publicadas no BOP N° 29 do 12 de febreiro de 2015.

Nesta norma establecéronse prezos para os servizos complementarios que non se incrementaron de xeito proporcional desde a apertura do Centro co fin de non perxudicar as persoas usuarias, ao tratarse dun colectivo vulnerable con rendas baixas.

Atendendo ao disposto no artigo 44 do RDL 2/2004, o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado. Así mesmo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto anteriormente.

Con todo o anteriormente exposto, enténdese que existen razóns xustificadas para que os prezos públicos non cubran o custe total do servizo, en beneficio das persoas usuarias do Centro de día.

Asinado dixitalmente.

Natividad Hermo Santos.

Coordinadora dos Servizos Sociais.